

CIRCULAR FIN DE CURSO 2020-2021 ESO, 1º BACH e FPB

Estimadas familias:

O último día lectivo é o **martes 22 de xuño**, de **08:30 a 14:10**. Pola tarde non haberá clases. **A entrega de notas será o venres 25 de xuño, Ese día NON HABERÁ transporte escolar. A entrega de notas farase** seguindo o seguinte horario:

- 1º e 2º ESO: 11:00 h.
- 3º e 4º ESO: 11:45 h.
- 1º BACH e FPB: 12:30 h.

Os alumnos/as recibirán o boletín de cualificacións, a circular cos exames de setembro e prazos de matrícula. Ademais, o alumnado con todo aprobado e o alumnado de 1º de ESO, 2º de ESO, 3º de ESO e 1º de BACHARELATO cunha ou dúas materias suspensas, tamén recibirán información sobre o procedemento de matrícula.

O alumnado con todo aprobado en xuño deberá facer a matrícula antes do 10 de xullo. Excepcionalmente o alumnado de 1º de ESO, 2º de ESO, 3º de ESO e 1º de BACHARELATO cunha ou dúas materias suspensas en xuño, tamén deberá entregar a matrícula para o próximo curso antes do 10 de xullo, para evitar as aglomeracións de setembro.

RECOLLIDA DOS ORDENADORES OU LIBROS RECIBIDOS COA AXUDA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN:

O alumnado que no curso 2020-21 recibiu a axuda para a compra de libros (cheque), ou os libros procedentes do fondo solidario, terá que devolver, como indicaban as ordes correspondentes, os libros comprados coas citadas axudas en dúas fases:

1ª. O **22 de xuño** o alumnado deberán traer a clase o ordenador que tivo en préstamo durante o curso ou no seu caso os libros adquiridos coas citadas axudas ou recibidos do fondo solidario. O día da entrega de notas (**venres 25 de xuño**) os alumnos con materias suspensas recibirán os ordenadores ou os libros entregados destas materias.

2ª. O **día da entrega de notas en setembro** o alumnado **deberá devolver o ordenador ou os libros adquiridos coa axuda prestados en xuño**, incluso no caso de que teña que repetir curso.

PROCEDEMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS:

O **período de reclamacións das cualificacións da avaliación ordinaria de xuño** abrangue o luns 28 e martes 29, de 10:00 a 14:00 horas. O proceso é o seguinte:

1. Falar co/a profesor/a da materia para que lle mostre o exame ou exames e lle explique os criterios aplicados.
2. En caso de desacordo coa cualificación dada polo/a profesor/a, deberá solicitar, na Secretaría do Centro, o impreso para as reclamacións contra as cualificacións, entregándoo cuberto tamén na Secretaría antes das 14 horas do día 29 de xuño.
3. Unha vez rematado o prazo de reclamacións, o mércores 30 (de 10:00 a 14:00 horas), reuniranse os Departamentos das materias nas que se reclame. Estes emitirán unha resolución sobre as reclamacións presentadas, que se comunicará ó/a alumno/a.
4. En caso de desacordo coa resolución do Departamento, poderase solicitar na Secretaría do Centro, no prazo de dous días seguintes á comunicación, que a Xefatura Territorial de Educación resolva dita reclamación.

Cambre, a 07 de xuño de 2021

A DIRECCIÓN